

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/31/2020	GOB14I0FK
724H2S4L2U4U4R0Z0M2Z	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZASETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE

SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D ^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D ^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D ^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D ^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D ^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D ^a JOSE OREONA BRA D/D ^a JOSE DAVID PITA BREIJO <u>SR. INTERVENTOR ACCTAL:</u> D/D ^a PABLO FREIJOMIL OJEA <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D ^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezasete de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
---	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DUN PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NO LG. COTELO-PEDROSO.-

(...)

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de normalización de fincas sito na Avda. Souto Vizoso (referencias catastrais ref. catastrais 2413201NJ7221S0001HA, 2413202NJ7221S0001WA E 2413210NJ7221S0001QA) promovido por José Padín Ramil (****), Miguel Ángel Padín Ramil (*****), Marina Padín Ramil (*****), Abel Padín Ramil (*****), e Ana M^a Marcote Platas (*****), e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar Gómez Margareto o 08.09.2020 e presentado na sede electrónica o 08.09.2020 (registro de entrada núm. 14463).

Segundo.- Someter a información pública o proxecto polo **prazo dun mes**, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia.

Terceiro.- Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA DE ACEPTACION SUBVENCION DA REDE EUSUMO PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE PROMOCION E IMPULSO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMIA SOCIAL PARA OS ANOS 2020 E 2021 (TR811A).- Vista a proposta formulada que di así: A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 18/08/2020, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI14I0IX que di:

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/23/2020: Subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Dar conta da aceptación de subvención</i>

Con data 31/07/2020 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código ASI14I0I7 que di:

Con data 30/07/2020 a funcionaria de Asistencia á Secretaría elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI14I0HU que di:

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta Resolución</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/23/2020: Subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Aceptación de subvención</i>

Por resolución de código ASI14I058 e data 21/02/2020, a Alcaldesa-Presidenta deste Concello aprobou a solicitude, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, da subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, por importe de 11.912,00 €, que supoñía o 80,00 % do orzamento estimado do proxecto segundo o plan de financiamento provisional que obra no expediente.

O pasado 23/07/2020 e a través da plataforma notifica.gal, a Secretaría Xeral de Emprego notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención:

<i>Acción</i>	<i>Puntos</i>	<i>Axuda solicitada 2020</i>	<i>Axuda solicitada 2021</i>	<i>Axuda Aprobada 2020</i>	<i>Axuda aprobada 2021</i>	<i>Causa de minoración</i>
<i>CURSO ONLINE "EMPRENDEMENTO COOP"</i>	22	2680,00	0,00	2680,00	0,00	
<i>CURSO ONLINE "CULTURA FINANCEIRA"</i>	22	2680,00	0,00	2680,00	0,00	
<i>CURSO ONLINE "PLAN DE EMPRESA"</i>	22	2680,00	0,00	2680,00	0,00	
			Total	8040,00	0,00	

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizárase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de aceptación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria en prazo suficiente antes de que expire o prazo outorgado para a súa aceptación, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

- *Bases de execución dos Orzamentos do ano 2020. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI1410HT.*

Polo anteriormente exposto, quen subscribe eleva a Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: *Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de aceptación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.*

SEGUNDO: *Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo (que aquí se amosa resumido) para a Subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI1410HT:*

PROXECTO	ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E IMPULSO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL	
Importe total	10.050,00 €	
Financiamento externo	8.040,00 €	
Achega municipal	2.010,00 €	
Aplicación orzamentaria	4330 22799	Promoción Económica – Outros traballos empresas e Profesionais

SEGUNDO: *Aceptar da Consellería de Economía, Emprego e Industria a Subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, por un importe de 8.040,00 €.*

“Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código IC01410BN), esta Alcaldesa

R E S O L V E :

Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

“En cumprimento do establecido punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

“Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO14I0CN, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES) DO CONCELLO DE NARÓN.- Vista a proposta formulada que di así: A substituta do Director de Programas Europeos e Planificación Local con data 11.09.2020, elevou a esta Alcaldía o informe proposta de código PLA14I05D que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe- Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	PLA/3/2020: Subvención para a elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón
DESTINATARIO	Servizos Económicos
ASUNTO	Aceptación da subvención

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 11 de xuño de 2020, acordou a solicitude de subvención á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón, ao abeiro da *Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.*

Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para a elaboración dos plans de accións para o clima e a enerxía sustentable (PACES), polo que, ao abeiro de dita orde resultan subvencionables as actuacións propostas na memoria para a elaboración do plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón.

O importe das actuacións ascende a 10.500,00 € (IVE incluído). O acollemento á mencionada convocatoria e de cara á obtención ao dereito á subvención, implica unha cofinanciación do FEDER do 80,00% (8.400 €), o que supón unha achega municipal de 2.100,00 €.

Con data 4 de setembro de 2020 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda notificou a este Concello a resolución da concesión da axuda, segundo o seguinte cadro:

<i>Gastos subvencionables considerados para o cálculo da axuda</i>	8.400,00 €
<i>Importe máximo de axuda concedido</i>	8.400,00 €
<i>Período subvencionable</i>	Do 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de novembro de 2020
<i>Calendario de execución da operación (Data de inicio de data de fin)</i>	10 de xuño de 2020 ao 30 de novembro de 2020

O importe da axuda distribuirase entre anualidades do seguinte xeito:

Anualidade	% subvención	Importe axuda
2020	100%	8.400 €



Como trámite preceptivo para a realización das actuacións obxecto da subvención e posterior xustificación da mesma, cómpre a aceptación da subvención concedida, o cal supón o obxecto deste informe-proposta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2020. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.*

A tal efecto, achégase xunto con este informe o plan de financiamento de código PLA14I05C.

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.
- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.
- Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que asina, previa fiscalización, solicita á Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para o proxecto de “Servizo de elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES)”, de acordo co establecido no informe adxunto de código PLA14I05C, e mostrado a continuación resumidamente:

Proxecto	Servizo de elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES)
Importe total	10.500,00 €
Importe concedido 80% (2020)	8.400,00 €
Achega municipal 20% (2020)	2.100,00 €

Aplicación orzamentaria	1510 22706	10.500,00 €
-------------------------	------------	-------------

SEGUNDO: Aceptar, para o antedito proxecto, a subvención de 8.400,00 € concedida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nos termos establecidos na resolución de concesión de axuda notificada a este Concello con data 4 de setembro de 2020.”

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I0DB** (número de proxecto **2020 3 00000 49**), esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI